

# DÍAS CONTADOS

UNHA CURTAMETRAXE DO IES POETA DÍAZ CASTRO  
GUITIRIZ, 2021

1 INT. HABITACIÓN DANI - DÍA (2021)

Dani está tirado no sofá da súa habitación. Está pasando o tempo coa play, o móbil, lendo cómics... Recibe unha nota de voz dun colega sobre un traballo de clase relacionado coa memoria familiar e colle o portátil para comprobar a tarefa.

JONATHAN

(nota de audio)

Dani, viches a última tarefa que subiron á aula virtual? Unha movida da memoria da familia ou algo así. Queren que aproveitemos o tempo de confinamento para coñecer mellor o tempo dos nosos pais ou algo así... Cando o vexas, disme algo?

DANI

(gravando no móbil)

Ei, polo que vexo, temos que investigar que facían á nosa idade os nosos pais, avós e visavós. Con fotos e todo iso... Eu non sei se terei, a verdade.

JONATHAN

(nota de audio)

Xa, preguntéille á miña nai e díxome que mirase no faiado, que debe de haber trastos e tal. Fotos, a verdade é que temos poucas.

DANI

(gravando no móbil)

Aquí, no piso, en Guitiriz, tampouco temos nada, creo. Pero o do faiado é boa idea. Irei ao da casa dos meus avós. Hai moito trasto. Non sei se memoria da familia, pero trastos hai dabondo.

2 INT. FAIADO MARIZ - DÍA (2021)

Acéndese unha luz de móbil. É Dani revisando trastos no faiado da casa dos avós. Atopa bicis, as maletas e caixas vellas. Tamén a radio e os tocadiscos. Do montón de discos colle o de Gardel e pon a canción de *Volver*. Mentres colle documentación da viaxe á Arxentina e a foto do visavó. Tamén, xornais vellos.

3 INT. HABITACIÓN MAGÍN - DÍA (1931)

Magín está facendo a maleta. Mete nela un par de camisas, unha carpeta con documentos e un pequeno libro. Ten outro enriba da mesa. É un Atlas que mete no peto da chaqueta. Pecha a maleta e sae.

O mestre está recollendo as lousas dos pupitres. Chaman á porta. É Magín que vén despedirse.

MAGÍN

Don Aureliano, pódese?

AURELIANO

Home, Magín, xa o imaxinaba facendo fortuna nas Américas...

MAGÍN

Seguín o seu consello e agardei á primavera para mercar a pasaxe. Tres semanas en barco, mellor pasalas con algo de calor.

AURELIANO

Pero sabe que vai á outra metade do mundo, ao hemisferio sur e que alí comeza agora o outono. Claro que en Bos Aires non vai pasar os fríos da Terra Chá, está máis preto do ecuador e polo tanto...

MAGÍN

... O tempo é máis morno todo o ano, si. Estiven vendo o atlas que me deixou. De feito véñollo devolver agora que marchó. Seguro que lle valerá a outro.

AURELIANO

Conto con que lle deas bo uso. Sobre todo para saber regresar á casa. A emigración é unha sangría, se marchades todos os novos, quen vai levantar este país noso.

MAGÍN

Hai que facer fortuna Don Aureliano. Eu vendín a facenda que me tocou nas sortes da familia. Aquí non hai traballo máis que no campo e vostede sábeo. Ademais gustaríame pedirlle un favor.

AURELIANO

O que precisas, xa o sabes.

MAGÍN

A miña nai non sabe ler e quero  
escribirlle. Podo mandar aquí as cartas  
e llas fai, vostede, chegar?

AURELIANO

Conta con iso. E queda co libro, Magín.  
Ao mellor as túas viaxes non rematan alí  
e non quero que te perdas para regresar.

5 EXT. ESCOLA - DÍA (1931)

Magín camiña coa maleta e crúzase con dúas campesiñas.

MULLER 1

Magín, xa vas para a Arxentina?

MAGÍN

Si, collo o barco dende A Coruña mañá.

MULLER 2

Se ves ao meu primo, daraslle saúdos?

MULLER 1

(con sorna á compañeira)

Si, seguro que se atopan na feira do día nove. Muller, Bos Aires non é Guitiriz, alí vive moita xente de Deus!

MULLER 2

Cousas máis raras se viron.

MAGÍN

Pois que non te estrañe. O meu curmán, que me enviou a invitación para emigrar, dixo que había moitos galegos. Darei saúdos. Abur, veciñas!

MULLER 1

(despedíndose)

Todos os mozos marchan e nós a coidar das leiras e dos vellos.

MULLER 2

Pois eu marchaba de boa gana.

MULLER 1

Para servir nas casas dos ricos, xa serves aquí!

MULLER 2

Na casa dos ricos non saen (sabañóns) frieiras nin che chove por riba.

Magín camiña coa maleta perdéndose no horizonte.

Don Aureliano escribe unha carta. Ten sobre a mesa a foto que lle mandou Magín cunha carta para a súa nai.

AURELIANO

(en off)

Querido Magín. Recibín a túa carta e dáme moito gusto saber que te atopas ben e que o traballo de chófer está sendo de proveito. Farei chegar a túa foto á túa nai, e tamén as letras que lle dedicas. Gustoume moito o recorte que me mandas dese debuxante galego que publica en Bos Aires. Ten unha mirada certa sobre o dano que a emigración fai a este país. Aquí as cousas tamén están cambiando. Como saberás, España é agora unha República e acábase de aprobar o dereito ao voto da muller, xa era tempo de algo de xustiza. Hai moitos plans de Progreso para o campo e agardo que os avances sexan de proveito e que poidas regresar pronto con ideas e mundo a esta terra que tanto vos precisa. Moitas veces vexo pasar mozos coas maletas por diante da escola e penso no día que marchaches. Algún día esa viaxe será de regreso.



7 INT. CASA BOS AIRES - DÍA (1931)

Magín le a carta do mestre sentado nun salón. Abre a fiestra e fóra hai imaxes de Bos Aires. Garda a carta nunha caixa.

Dani entra na vella escola. Está todo desordenado. Revisa algúns libros. Fai fotos e un vídeo. Manda unha nota de audio ao seu colega.

DANI

(nota de audio)

Tío, a escola esta é unha pasada. Deixoume as chaves Alfonso, de Xermolos. Hai unha morea de libros antigos e as mesas son súper pequenas. Non sei como cabía aquí o meu visavó.

JONATHAN

(nota de audio)

Pero o teu visavó é o que marchou para a Arxentina, non?

DANI

(nota de audio)

Si, pero estudou aquí. O mínimo, xa sabes, ler, escribir, sumar e tal. Na Arxentina foi chofer. Supoño que aprendeu a conducir alí, non creo que houbera moitos coches en Guitiriz no 1931.

JONATHAN

(nota de audio)

Fala con Carla. Por certo, díxome non sei que dunha foto da túa avoa. Estamos todos buscando petróleo na casa para o traballo este, haha.

Dani está revisando fotos nunha caixa, cartas e demais. Chégalle unha mensaxe de Carla que lle manda unha foto por *whatsapp*. Mentres escoitamos a explicación de Carla, Dani revisa a información da páxina [Historias de Ida e Volta](#).

CARLA

(nota de audio)

Esta é a foto da que che falei. Dí a miña avoa Pili que a dedicatoria de detrás é da túa avoa, que lla mandou cando ela estaba en Alemaña. Seica a miña avoa foi uns anos antes para alá porque xa tiña os dezaoitto, pero con permiso paterno, que, en 1961, unha muller sen permiso do home ou do pai non podía nin moverse.

Dani colle un papel e comeza a facer un esquema da historia da súa familia comezando pola emigración do avó.

DANI

(nota de audio)

Xusto atopei unha foto igual. Vaia, semellante. Saen a miña avoa e o seu irmán. Deberon de facela no mesmo día. A miña avoa Mari Carmen leva ese mesmo vestido. O que non sei é onde a fixeron.

CARLA

(nota de audio)

A miña avoa dí que é no *Hotel Tomé* de Guitiriz, xunto á Estación de Renfe. Que a túa avoa seica traballaba alí.

DANI

(nota de audio)

Cal é o *Hotel Tomé*?

11 EXT. HOTEL TOMÉ - DÍA (1961)

Mari Carmen está posando co irmán para unha foto.

BRAIS

Pero sorri, muller, que é a foto de  
recordo que vai quedar na casa antes de  
marchar eu para a mili

MARI CARMEN

Ti es moi fino, que a pediches na Coruña  
para saires de "pesca" pola cidade.

BRAIS

Pouco vou pescar coas catro perras que  
nos pagan. Como moito, aforrar para  
coller o tren á casa cada tres meses.  
Queda unha foto no carrete, agarda que  
che fago unha a ti soa.

Mari Carmen posa para a foto.

10 EXT. HOTEL TOMÉ - DÍA (1961)

Mari Carmen está recollendo unha mesa na terraza do Hotel.  
Pasa polo lado Pili. Charlan na distancia

PILI

Mari Carmen, véxote moi ocupada

MARI CARMEN

Cala oh, que temos o Hotel cheo. Non sei  
que están facendo en Parga, pero cada  
vez que hai cambio de quintos no cuartel  
énchese isto de viaxantes e familias. E  
ti, de onde vés tan amañada?

PILI

(sacando un pasaporte do bolso)  
Veño do futuro

MARI CARMEN

(Emocionada)

Xa tes os papeis para Alemaña?  
Madialeva! Cando marchas?

PILI

Pois este luns que entra. Son dous días  
de viaxe ou máis. Non sei moi ben. Vou a  
unha fábrica de conservas en Hamburgo,  
nun sitio no Mar do Norte

MARI CARMEN

(Emocionada)

Ai, eu nunca che vín o mar.

PILI

Pois eu non sei se me cansarei del.  
Seica vai un frío que pela.

MARI CARMEN

Pois leva abrigo, muller. Eu, por unha  
banda, marchaba de boa gana, a ver mundo  
e facer cartos, pero dáme coraxe, está  
tan lonxe e falar alemán, non sei.  
Ademais só teño dezaioito anos e fáltanme  
tres para a maioría de idade.

PILI

Eu tampouco teño os 21, pero fíxome un permiso meu pai. Hai xente que marcha con menos idade servir ás casas, así un pouco ás escondidas.

MARI CARMEN

Pero ti vas con contrato, non?

PILI

Vou. E ademais agárdame alí un primo de Lugo. Se non, ía marchar soa, si oh (Érache boa!), sen casar nin nada. Pero ti, que xa andas moceando, ao mellor casando..

MARI CARMEN

Moceando? Pois xa me dirás con quen. Durmo no Hotel seis días á semana e, o día que libro, vou á casa dos pais. Éche boa leria, as mulleres temos que casar para ser libres. E total, para despois ser do marido. Seguro que en Alemaña as cousas son diferentes.

PILI

(Sorríndose)

Pois xa che contarei ha,ha. Auf Wiedersehen!

11 INT. HABITACIÓN HOTEL TOMÉ - DÍA (1961)

Mari Carmen está escribindo unha dedicatoria na fotografía. Despois escribe unha carta.

MARI CARMEN

(En off)

Querida Pili, Polo que contas na túa última carta estás contenta co traballo e coa túa vida en Alemaña e eu alégrome. Escoitei na radio algo dun Muro que van facer aí, en Berlín. Iso non está preto de Hamburgo, non? Eu non entendo de política, pero escoitei que é cousa dos rusos. Menudos son, se ata botaron un cohete con astronautas. Que cousas, eu falándoches dos rusos. Pero é que ao Hotel chega o xornal todos os días e lémolos pola noite na habitación. Agora durmo na 111, que é algo máis grande, e comparto cunha rapaza de Parga moi noviña. Dí que me ten envexa porque son máis maior e poderei marchar pronto a Alemaña ou a Francia. A min gustaríame ir a Alemaña, onde estás ti, así non me dá tanta coraxe. Aforrando uns anos, despois podería voltar a Guitiriz e facer unha casa, estudar os fillos... Todo o que agora semella imposible, pero, quen sabe no futuro... Por iso agradézoche que me recomendes aos patróns da túa fábrica. Mándoche unha foto para que te lembres de min. A túa amiga, que te quere, Mari Carmen.

Mari Carmen fai camas no Hotel, dobra roupa na habitación de pasar o ferro. Garda cartos nun sobre que pon Alemaña. Le o xornal. Pon a radio e escóitase *A Santiago voy*.

Vemos a Mari Carmen coller unha carta do buzón e preparar unha maleta

11 INT. HOTEL TOMÉ - DÍA (2011)

Dani está diante da porta 111. Nunha esquina hai unha mesa e unhas cadeiras, e, sobre elas, unha radio vella. Dela sae a canción de *A Santiago Voy*. Despois baixa á terraza.

DANI

(Nota de audio)

Carla, xa atopei o sitio onde fixo a foto a miña avoa. É na terraza do Hotel. Non me estraña que marchase a Alemaña, está xusto enfronte da estación. A ver, a túa avoa dis que marchou en 1961, non?

CARLA

(Nota de audio)

Si, non te lembrás? Na carta que lle manda á túa, menciona o Muro de Berlín, que se construíu en agosto de 1961 para dividir as dúas Alemañas.

DANI

Parece que estou en clase de Historia

CARLA

Este traballo tamén é para Historia, así que non che ven mal repasar. A miña avoa marchou en 1961 e a túa, dous anos despois, cos vinte e un acabados de facer.

DANI

Flipo que a maioría de idade fose aos vinte e un. Para votar e todo.

CARLA

Tío, en 1961 non votaba ninguén, que era o franquismo. Ademais, ata ese ano as mulleres casadas non podían traballar e, despois diso, todo era co permiso do marido, ter unha conta no banco ou sacar o carné de conducir. Non me estraña que marchasen. Máis de 600.000 españois emigraron a Alemaña nos anos 60 e 70



12 EXT. ESTACIÓN DE TREN - DÍA (1961)

Vemos a Mari Carmen montar no tren coa maleta.  
Na plataforma, Dani grava o tren marchando.

Alternativa: Mari carmen coa bicicleta vai tirar a  
carta a un buzón.

13 INT. HOTEL TOMÉ - DÍA (1991)

Mari estase peiteando para saír. Escoita unha canción na radio «*A quien le importa*». Combínase esta escena coa de Dani na habitación debuxando a árbore familiar e incorporándoa a ela. Soa o teléfono. Mari responde. A carón do teléfono está a foto dos irmáns nun marco.

MARI

Diga? Son eu. Si, estou case lista. A que hora quedamos? Pero imos directas ao Soa ou vémonos antes na praza? Vale, vale, no Soa. A música? É dunha cinta que me fixo Abel. Si. Pincha el na sesión de tarde. Non, ata o domingo non marcho. Xa, tía, a min tamén me dá pena marchar. Pero xa sabes que a miña nai está obsesionada con que estude COU na Coruña, que vaia á universidade, que aproveite as oportunidades que ela non tivo e bla bla bla... Vale, si, vémonos no Soa.

13 INT. SOA - DÍA (1991)

Abel (Aitor) está colocando a música para a súa pinchada. Marta está lendo unha nova do xornal.

MARTA

(Lendo)

*Juzgados tres acusados de desórdenes públicos durante el traslado de los bidones del Casón ...*

ABEL

Que movida. Eu recordo estar nas barricadas co meu tío. Non creo que os condenen. Xa ves, se o fiscal di iso

MARTA

(Levantando a mirada)

Mira, estano poñendo agora na tele

Ambos miran para un televisor que hai nunha esquina. Nese momento entra Mari

MARI

(Levantando a mirada)

Pois vaia festa que vos estades montando aquí!

MARTA

Tes razón, van chegar agora todos para a festa de fin de curso. Vou apagar a tele. Abel, dálle caña, non? *Sae de plano*

ABEL

(Encendendo os equipos, a María)

Xa o tes todo listo para a mudanza?

MARÍA

A ver, que tampouco me vou ao Polo Norte. Vou estar na Coruña entre semana e virei no Monbus as fins de semana.

ABEL

Pois ao mellor ata coincidimos. Estiven mirando un FP novo de Imaxe e Son que inauguraron este ano na Coruña.

MARÍA

Mola! Para facerte pinchadiscos?

ABEL

Que va, iso non é unha profesión. Xa me gustaría vivir de pinchar música. Iso non vai pasar nunca. É para cine e tele e cousas desas.

MARÍA

Sempre fuches un pouco artista. Pero, xa solucionaches o da prórroga da mili?

ABEL

Máis ou menos, faltánme papeis e, sobre todo, boas notas e ter o acceso. Pero, vaia, que eu, da mili, paso. Ou me dan a prórroga ou me fago obxector de conciencia.

MARÍA

Pero iso obrígache a facer unha prestación, non?

ABEL

Si, pero podería facela na Coruña. Agora teño que convencer aos meus pais de que me paguen os estudos. Non todos temos a casa dun tío na que quedar.

MARÍA

Pois precisamente o meu tío foi facer a mili á Coruña e xa non marchou da cidade. Que pesado é coas historias da mili! E non creas que me fai moita ilusión ir para a súa casa, pero a miña nai quere que estude COU na Coruña para que xa me quede alí a facer Dereito ou Empresas.

ABEL

Apaixonante. Por certo, fíxenche unha nova mestura. *Dálle unha cinta*. Para que non botes de menos as sesións no Soa.

Dani está fisgando fotos antigas do *Soa* en *Facebook*. Ten sobre a mesa varias cintas de casete.

DANI

(Nota de audio)

Oe, non saberás de alguén que teña un radio casete deses antigos, verdade? É que teño unhas cintas da miña nai, de cando marchou estudar fóra e molaba escoitalas. Podemos quedar no *Soa*, creo que xa ten aberta a parte de atrás. Con aforo limitado, pero, se imos cando abra, seguro que non hai fallo

JONATHAN

(Nota de audio)

Si, creo que hai un casete deses no garaxe. Úsao meu pai para poñer a radio mentres fedella cos seus motores e historias. Lévocho, pero pesa, eh!

DANI

(Nota de audio)

Págoche unha pesicola, oh, que parece que naciches cansado. Levamos un ano, case, sen saír da casa e inda protestas.

JONATHAN

(Nota de audio)

Escoitar casetes no *Soa*. Planazo.

DANI

(Nota de audio)

Historia, neno, historia!

15 INT. SOA - DÍA (2011)

Dani e Jonathan están tratando de conectar o casete, poñen unha das cintas.

JONATHAN

E dis que isto vai formar parte do proxecto de clase sobre a Memoria Familiar?

DANI

Dixéronnos que buscásemos fotos, músicas, artefactos... non? Pois máis artefacto que isto... A ver se facemos que funcione.

JONATHAN

Son da túa nai?

DANI

Si, de cando marchou estudar fóra. Foi a primeira universitaria da súa familia, así que, supoño que foi importante.

JONATHAN

E véndote a ti... a última! hahaha!

DANI

Cala, oh, que agora que sei o que pelexaron e traballaron por todo... Imaxinas ter que emigrar á nosa idade?

JONATHAN

O que non imaxino é ter que agardar polas cancións. Pon outra. *Cambian de cinta e comeza a soar QUEEN*

JONATHAN

Isto é de 1991?

DANI

[*Mira no Shazam*] *Queen, 1977. Un clásico?*

16 INT. SOA - DÍA (1991)

María baila na pista. Aitor pon música e os amigos acaban facéndose unha foto de grupo.

17 INT. HOTEL - DÍA (1991)

María fai a maleta e mete a foto do Soa e a tarxeta de despedida que lle deron os seus colegas. Colle as cintas de música e algúns libros.

18 EXT. INSTITUTO - DÍA (1991)

María acomódase no autobús. Pon os cascos. Cambia a música *hard core* de «*A quien le importa*»

19 INT. HABITACIÓN - DÍA (2021)

Dani debuxa o último punto da viaxe familiar: 2021, Dani Guitiriz (de momento). Ordena todo no escritorio. Fotos, libros, cartas, cintas, discos. Ponse a escribir no ordenador. Lemos sobre unha pantalla en branco

DANI

(En off)

Miña nai, ao rematar a carreira, voltou a Guitiriz e creou o seu propio negocio. Non foi só a primeira persoa da familia con estudos universitarios, tamén, a primeira muller empresaria. As cousas cambiaron moito dende que o seu avó emigrara á Arxentina cos meus anos ou á súa nai a Alemaña. As viaxes de ida e volta forman parte da historia desta familia e imaxino que de moitas familias de Guitiriz e de Galicia. Por iso faime pensar no futuro e onde estarei eu ou os meus fillos dentro de trinta anos. Pero ese xa é outro conto.

«Días Contados»

Unha historia do IES POeta Díaz Castro

Guitiriz, 2021